

UNHA PUCHA E UNHA ESTRELA

O cativo quedouse medio pasmadiño mirando cara o ceo.

O meniño miraba cara arriba porque, acolá lonxe, pero moi lonxe, quizabes dende os montes de A Corda, viña unha nube moura, panzuda, embolada e de moi mal cariz. Mais o que de verdade fixo pasmar o pequeno foi a negrura que traguía, que era case coma a da pucha que tiña na testa.

A súa pucha moura mercárala no feirón vilalbés o seu avó cando foi á vila chairega cos novos da casa, os cales levaban isas cousas que adoitan a vende-las mulleres no mercado, coma son: os ovos, os coellos, os pitos, o unto e outras menudencias coma eles acostuman a dicir. Pero no maxín do avó bulía a ansia de mercarlle algunha cousa ó seu neto. ¿E que mellor, cabilou, que unha pucha coma a que el tiña, que torna o doente frío do mes do Nadal?. E dito e feito. Entrou nun comercio e mercou unha pucha axeitada para a idade e a cabeciña do pequeno.

O cativo, aquel día que se conta, seguía mira que mira cara o ceo, abrindo canto podía os seus oliños grandes e feiticeiros. Nin siquera pestenexaba vendo coma aquel xigante mouro e feo cubría pouco a pouco o ceo da vila chairega, namentras que el botaba as mans á pucha, xa que non podía botalas á cabeza por tela tapada.

Por aquelas datas había moitos corvos e grallas no castelo vilalbés. Os paxaros, sabedores do cambeo do tempo debido ó seu instinto, grallaban cando osmaban a auga, axoulando ós vilalbeses. Era entón, cando as mulleres da vila daban o berro de alerta que corría

dunhas a outras, de casa en casa, de barrio en barrio, de tal maneira que podíanse ver por tódolos sitios correndo cara ós tendedeiros da roupa para recolle-las prendas que xa se atopaban medio enxoitas. Os horteláns collían e gardaban os seus aveños e mailas plantas de coles e repolos que ían poñer. Os camiñeiros afanábanse en limpar as taxearas das estradas e as cunetas, por mor do que ía vir. As xentes, nas casas, cumprían a obriga de pecha-las craraboias e as ventás, pois o anuncio de que ía chober con forza era indubitabel. Por iso mesmo os vilalbeses acostumaban a dicir que tiñan os mellores pregoeiros, para avisalos de que as augas ben podían vir a torrentío: eran os corvos e mailas grallas que aniñaban no castelo de Vilalba.

O meniño, despois de estar mirando cara arriba un bó anaco de tempo, e ó senti-lo aviso dos paxaros, botou a todo correr cara a súa casa que se atopaba no barrio de Mourence. Corría canto podía. Daba de si todo canto lle permitían os seus folgos e mailas súas perniñas.

Cando chegou á casa, ía todo derrengadiño, medio desfeito polo trote que se dera e case non podía falar debido ó afrontamento.

Despois do susto que lles fixo pasar a toda a familia por ve-lo afogamento que tiña: “¡Avoíño!, a Vilalba traénlle unha pucha moura. Ven polo aire. Ven dende aló, da serra de A Corda. É redonda, moi grande, moi grande, ¡Avoíño! ¿Quen será o avo de Vilalba para mercarlle unha pucha?”

O avó abrazouse no seu neto con todo o agarimo, con toda a alma. Caéndolle dúas bágoas polas meixelas díxolle, impando, para conter as gañas de chorar: “Meu neno. O AVÓ de Vilalba, que é tamén o AVÓ de tódolos pobos do mundo, está no Ceo e traelle unha pucha moura a Vilalba porque con ela vai botar moita auga para que a tódolos avós coma min e a tódolos meniños coma ti nunca lles falte o pan namentras vivan”.

“Eu, meu queridiño, soño con que ti has de ter outra pucha que non será coma a que tes, senón que será doutra xeitura. Porque mira, meu neno, non sei porque me da a alma que a pucha que máis ledo te poñerá serache regalada polo Deus Noso Señor”.

Outro día volveu o cativo a quedarse engaiolado mirando cara o ceo.

Ocurríalle a mesma cousa por segunda vez.

Viu coma unha estrela brillante tremelica-ba aló enriba e pouquichiño a pouco ía medrando segundo se chegaba cara á Terra. Canto máis se acercaba máis parecía que ía non moi lonxe da vila, pero velaí, coma nun intre, parouse e quedou coma colgando do ceo.

Ó neno faltoulle tempo para botarse a correr cara a súa casa e dicirlle ó seu avó: “¡Síiii, avoiño, síiii! Eche unha estrela que está coma colgada dun fío e vese aló, despois de Boizán. Ven a vela. Ven avoiño. Xa verás que cousa máis fermosa”.

¡Ai!, portentosa comunión do espírito que hai entre os vellos e os seus netos. ¡Oh!, maravilloso entendemento das almas cheas de sofrementos e de experiencias que o mundo lles

deu ós anciáns e ás dos nenos que están impolutas e vírxenes de toda contaminación de maldade.

Por iso mesmo, o avó, collendo pola man ó seu netiño, saiu á porta da casa e quedouse mirando cara ó lugar que o neno lle sinalaba, que mesmamente era o caer do ceo. Pero, ¡ai!, el non se decatara que o meniño vía de verdade unha estrela grande, moi grande, porque Deus tiña posto nel o Espírito dos elexidos. E o avó díxolle co corazón máis que coas palabras: “Isa estreliña que ti ves aló arriba, isa que me sinalas co teu dediño, foi a que guiou ós Reises Magos cara onde estaba nado Noso Señor, fai moito tempo, aló nunha aldea chamada Belén. E a mesma estreliña que todo-los anos vense por sobor de Begonte para que todos saibamos onde se atopa o máis fermoso Nacemento que se poida ver, en lembranza da chegada o mundo do Fillo de Deus, Noso Señor”.

“Sí, meu neno, xa lle pedirei a teu pai que nos leve ata aló nun día destes, e xa verás coma unha estreliña, que brilla aínda máis que isa, está pousada sobor dun berce de pallas. Si meu rei, xa verás que fermosísima é”.

E chegou o día de ir. De contado que chegaron a Begonte foron a ve-lo Nacemento. Estando alí, o cativo quedouse deslumbrado. Nunca tal cousa vira nin o seu maxín infantil podía siquera imaxinala.

Unha luz resplandecente, saíndo do pesebre, asolagoulle o corazón. Na súa cabeciña soaron campaniñas celestiais e foille permitido ver a imensidade da Gloria de Deus a traveso da contemplación de Belén.

E pasou o tempo.

E o neno medrou.

E estudiou no Seminario Diocesán de Mondoñedo.

E xa pasados algúns anos, un día, aló no Ceo, ó avó vertéronselle outras dúas bágoas polas meixelas, debido á gran ledicia que tivo cando viu coma os dignatarios da Santa Igrexa Católica colocábanlle unha pucha pequeniña de cor morado na testa do seu neto, sinal da dignidade que daquel intre en adiante o que fora un meniño vilalbés, ía representar na Santa Igrexa de Xesucristo.